

**P.A.T**



## **ÍNDICE:**

### **1.- INTRODUCCIÓN.**

### **2.- PRINCIPIOS XERAIS DA ACCIÓN TITORIAL.**

### **3.- ACTIVIDADES DO TITOR/A COS ALUMNOS/AS.**

**3.1.- A recepción dos alumnos/as.**

**3.2.- As sesións de tutoría na aula.**

**3.3.- O control de asistencia dos alumnos/as.**

**3.4.- O titor/a e a disciplina.**

**3.5.- O rendemento académico.**

### **4.- A RELACIÓN DO TITOR/A COAS FAMILIAS.**

**4.1.- Presentación ás familias por carta.**

**4.2.- Reunións coas familias do grupo.**

**4.3.- As reunións coas familias individualmente ao longo do curso.**

**4.4.- Outros sistemas de comunicación coas familias.**

### **5.- COORDINACIÓN POLO TITOR/A DA ACTIVIDADE DOCENTE E DAS AVALIACIÓNS.**

**5.1.- Coordinación da actividade docente.**

**5.2.- Avaliación.**

### **6.- ACTUACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN NA ACCIÓN TITORIAL**

### **7.- PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE TUTORÍA PARA AS DIFERENTES ETAPAS (ESO, BACHARELATO E FP).**

### **8.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN.**

## **1.- INTRODUCCIÓN:**

O Plan de Acción Tutorial (PAT) é unha proposta sistematizada da acción tutorial que se desexa levar a cabo no centro ó longo dun curso escolar. Nel asúmense os principios e accións educativas que se recollen no Proxecto Educativo do centro e elabóranse as liñas comúns de actuación que han de guiar a acción tutorial de todo o profesorado e que estarán presentes no conxunto das tutorías. Para confeccionalo é necesario que o equipo educativo estableza cales son os obxectivos prioritarios da acción tutorial e propoña unha serie de estratexias, técnicas e actividades que favorezan a súa consecución. Canto máis concreto e amplo sexa o proxecto de acción tutorial, máis posibilidades ten de ser un documento-guía das sesións de tutoría e das intervencións de cada titor cos seus alumnos individualmente e como grupo-clase. Por outra parte, o PAT é sempre un documento provisional que debe permitir cambios e modificacións en función das observacións dos profesores e profesoras durante a súa aplicación.

O documento que segue pretende resumir os traballos que un titor/a debe desenvolver no decurso do ano escolar. O documento remata cun ANEXO onde aparecen todos os documentos que o titor/a precisa para desenvolver o seu traballo.

## **2.- . PRINCIPIOS XERAIS DA ACCIÓN TUTORIAL.**

A tutoría e a orientación ten como fines fundamentais:

- Favorecer a educación integral do alumnado como persoas.
- Potenciar unha educación o máis personalizada posible e que teña en conta as necesidades de cada alumno.
- Manter a cooperación educativa coas familias.

Para avanzar na consecución destes fins contamos con ferramentas como:

**1. A Comisión de Coordinación Pedagóxica (C.C.P) e Claustro de Profesores:** O P.A.T. debe ser elaborado polo Departamento de Orientación segundo as directrices xerais procedentes da CCP, coa incorporación das propostas do Equipo de profesores-titores (liñas de actuación con cada grupo de alumnos, familias, etc) debatido na mesma e presentado ao Claustro de Profesores para a súa aprobación.

**2. Xefatura de Estudos:** Coordina e dirixe, coa colaboración e asesoramento do Departamento de Orientación, a Acción Tutorial co obxectivo de establecer os criterios e propostas de actuación e coordinación de profesores, titores e equipos educativos.

**3. Coordinación de profesores-titores:** A coordinación lévaa a cabo a Xefatura de Estudios coa colaboración do Departamento de Orientación, co obxectivo de concretar o P.A.T., acordado na C.C.P. É importante o intercambiar, debater e consensuar aqueles aspectos fundamentais que se poden abordar nas sesións de tutoría: programación, actuación, etc...

**5. Departamento de Orientación:** O Dto. de Orientación en continua e permanente coordinación e colaboración coa Xefatura de Estudios elabora a proposta de ordenación da acción tutorial e contribúe ao desenvolvemento e implantación do P.A.T. colaborando cos equipos educativos, profesorado e titores en cantas tarefas educativas e de seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe que se formulen e se acorden levar a

cabo, facilítalles criterios de actuación e recursos e instrumentos . Intervén directamente con un alumno e/ou grupo en programas puntuais que competen ao Departamento de Orientación como complemento das actuacións levadas a efecto por un profesor-titor.

**6. Departamentos de Coordinación Didácticos:** Estes deben introducir nas súas programacións didácticas elementos que contribúan á maduración e crecemento persoal e social do alumno. Estes elementos están referidos a procedementos, e sobre todo a actitudes, valores e normas, así como as capacidades de equilibrio persoal, interrelación ou inserción e actuación social.

## **FUNCIÓNS DOS TITORES/AS.**

Tendo en conta o contexto excepcional da crise sanitaria que estamos a vivir, para o curso 2020-21, considérase necesario priorizar a saúde e o benestar emocional, polo que se establecen intervencións de xeito telemático ou por teléfono e aquelas outras que sexa imprescindible realizar de xeito presencial no centro, coas debidas medidas de protección, para cumprir coa normativa sanitaria e evitar calquera situación de risco para a saúde da comunidade educativa.

### **3.1.- A recepción dos alumnos/as.**

O día de presentación dos alumnos/as no Centro, estes xúntanse no Salón de Actos onde son recibidos polo Director do Instituto. Alí se lles indica o grupo onde están integrados e quen é o seu titor/a. Unha vez formados os grupos, estes diríxense á súa aula. Neste primeiro contacto débese crear unha relación de confianza e empatía para que o alumnado saiba que o titor/a será o seu principal apoio e que pode contar con el/ela para enfrontarse ás dificultades tanto individualmente como en grupo. De seguido o titor/a desenvolverá unha sesión cos seguintes obxectivos:

- Indicar aos alumnos/as o horario do curso e o lugar onde se desenvolverán as actividades que non se realizan na aula (desdobres, Ed. P e V., Informática, Tecnoloxía, Música, etc.)
- Facilitar a incorporación dos novos alumnos/as no Centro. Neste senso ten especial importancia o traballo dos titores/as de 1º de E.S.O., e tamén os dos outros cursos con aqueles alumnos/as novos no Centro para favorecer a súa integración na aula.
- Recordar as normas básicas de comportamento: o Centro como lugar de convivencia, a aula como lugar de traballo e estudo e as normas de limpeza e respecto ás instalacións.
- (Ver DOCUMENTO DE NORMAS DE CONVIVENCIA). O titor/a encargarse de que copia das *NORMAS DE CONVIVENCIA*, se faga pública nos taboleiros das aulas.
- Ademais cómpre incidir en normas concretas como as que seguen:
  - Necesidade de responsabilizarse das cousas de valor ante o perigo de roubos, especialmente nalgúns intres como nas clases de Educación Física, nos recreos ou cando na aula entren alumnos/as doutros cursos.
  - A necesidade de tramitar as exencións de Educación Física (entregar en Secretaría un informe médico das actividades que se poden facer e as que non, duración da exención,...)
  - Informar da prohibición de abandonar as aulas cando falta un profesor/a.
  - Información da prohibición de abandonar o Centro no recreo, e dos lugares onde os

alumnos/as poden estar nestes intres de lecer.

- Pedirlle ao alumnado que na última hora deixen as cadeiras enriba das mesas para facilitar a labor das limpadoras.
- Darlle a coñecer aos alumnos/as as características físicas do Instituto, a ubicación das aulas, Secretaría, Xefatura de Estudos, e o resto dos lugares do centro. Para elo, os titores/as de 1º de E.S.O. percorreren o edificio cos alumnos/as amosándolles as instalacións. No resto dos cursos o percorrido farase só cos alumnos/as de nova integración.

### **3.2.- As sesións de tutoría na aula.**

O titor/a terá asignado no seu horario unha hora semanal para a acción tutorial na aula e deberá organizar as sesións de tal xeito que se traten os contidos que indicamos:

1. Coñecemento das normas de funcionamento do Centro e da E.S.O.
2. Coordinación, análise e reflexión sobre a marcha da actividade escolar.
3. Orientación académica e profesional.
4. Metodoloxía de estudo e de preparación e realización de exames.
5. Promoción de actitudes de tolerancia, respecto e mellora das condicións de convivencia.
6. Educación para a saúde .
7. Educación para a igualdade.

No ANEXO I amósase a planificación da acción tutorial, máis polo miúdo, na que se organizan as sesións para este curso en tódolos niveis da E.S.O. e na que se indican os contidos programados para cada mes. Aconséllase acomodar a acción tutorial a este plano, aínda que a necesidade de realizar sesións para tratar temas puntuais ou resolver conflitos que aparecen no decurso da actividade escolar , obrigará a realizar cambios e axustes das sesións de tutoría programadas.

O Departamento de Orientación ten elaborado material de apoio para o desenvolvemento destes contidos. Os titores/as optarán en cada caso pola utilización deste material, a elaboración de material propio ou a utilización dalgún dos libros de tutoría que ofertan as distintas editoriais.

Explicamos agora de xeito máis amplo os obxectivos destas sesións, sinalando as datas aproximadas e os cursos nos que se desenvolverán os distintos contidos.

### **1º.- Coñecemento das normas de funcionamento do Centro e da E.S.O.-**

Estas sesións faranse no primeiro mes do curso. Citaremos aspectos concretos que necesariamente deben coñecer os alumnos/as e por iso terán que ser tratados nas sesións de tutoría do primeiro mes:

- Explicar o sistema de control de asistencia, de xustificación de faltas e de sancións por faltas non xustificadas.
- Comentar o Regulamento de Réxime Interno, en especial os aspectos relacionados coas normas disciplinarias e o sistema de faltas de orde.
- Informar sobre os criterios de promoción para o curso seguinte, ou de obtención do título de Graduado en Secundaria aos alumnos/as de cuarto.

- Informar aos alumnos/as do horario de tutoría de atención aos pais/nais e do sistema de citas previas.
  - Información dos dereitos e deberse dos alumnos/as contidos no Regulamento de Réxime Interno.
  - Coñecemento da estrutura da E.S.O.
  - Elección de delegado. Na última sesión do mes de setembro/outubro farase a elección de delegado, o que implica as seguintes tarefas:
    - Previamente é necesario que os alumnos/as coñezan os sistemas de participación na xestión do Centro, as funcións dos delegados, as características ideais que debe ter un delegado para a realización das súas funcións, etc....
    - Cómpre recordarlles que o mellor delegado non é o máis simpático ou veterano senón aquel que pode ser eficaz no intre de ter que resolver algún problema.
    - Na última hora de tutoría do mes de setembro/outubro o titor/a deberá proceder á elección de delegado/a. O proceso da elección será como segue:
      - a) Nunha primeira votación cada alumno/a votará aos dous alumnos/as que prefira como delegado/a de entre todos. Os cinco máis votados serán candidatos para unha segunda e definitiva votación. O desempate é a favor do máis antigo no centro.
      - b) Na segunda votación cada alumno/a votará aos dous alumnos/as que prefira como delegado/a entre os cinco candidatos. O que obteña máis votos será nomeado delegado/a e o seguinte subdelegado/a.
    - Trala sesión de elección o titor/a cumprimentará a acta correspondente que entregará na Xefatura de Estudos. Nela quedarán ordenados os cinco candidatos por números de votos a efectos de futuras substitucións.
- Neste caso o desempate é a favor do máis votado na votación previa. De persistir o empate desfarase a favor do máis antigo no Centro.

## **2º.- Coordinación, análise e reflexión sobre a marcha da actividade escolar.**

É función do titor/a realizar a coordinación da actividade docente e das avaliacións polo que aproveitarán as sesións de tutorías para realizar parte das tarefas. Sinalamos agora as máis importantes e as datas axeitadas para a súa realización:

- ***Preparar as avaliacións e analizar os seus resultados.*** Estas sesións faranse, regulamentariamente, nas datas previas e posteriores ao desenvolvemento das sesións de avaliación para facer máis eficaces as tomas de decisións das xuntas de cada grupo.
- ***Detectar os problemas e fomentar*** a reflexión diante dos conflitos que acontezan ao longo do curso, así como facilitar a toma de decisións a nivel grupo, co obxectivo de mellorar o rendemento académico e as condicións de convivencia. As reunións con estes obxectivos realizaranse cando as circunstancias o aconsellen.
- ***Informar aos alumnos/as e avaliar o grao de cumprimento do chamado Plan de Traballo.*** Este plan pretende fomentar o traballo diario do alumno/a e inspirar sistemas de cualificación que valoren de xeito adecuado este traballo diario e o dominio das partes básicas das materias . O titor/a deberá facer público este Plan de Traballo nas sesións de tutoría do primeiro mes do curso. Ademais o titor/a debe procurar a presenza

constante deste Plan no taboleiro da súa aula.

- ***Intermediar nos conflitos*** que se presenten entre os alumnos/as e facilitar as relacións entre eles e o grupo de profesores/as.
- ***Procurar o coñecemento polos alumnos/as das programacións trimestrais de mínimos*** e sistemas de avaliacións dos Departamentos. Esta tarefa levarase a cabo, sobre todo, aos comezos de cada período de avaliación. O titor/a, asemade, tentará que as programacións estean permanentemente expostas nos taboleiros.
- ***Controlar a racionalidade na distribución das tarefas*** para a casa no decurso da semana por medio do caderno do alumno/a.
- ***Coordinar a elaboración do calendario de exames de cada avaliación.*** Este labor realizarase ao comezo de cada avaliación.

***3º.- Orientación académica e profesional.-*** Preténdese con ela facer máis doadas e acertadas as decisións que, sobre o seu propio futuro académico e profesional, o alumno/a deba tomar. Estas sesións desenvolveranse principalmente no 3º e 4º da E.S.O e en Bacharelato, durante as sesións de titoría , no 2º e 3º trimestres, tal como aparece no POAP.

- No terceiro curso realizarase unha primeira reflexión sobre as saídas posibles ao remate da E.S.O. co obxectivo de facilitar unha elección racional das optativas do curso seguinte.
- No cuarto curso e no Bacharelato o traballo de orientación será máis intensivo e cunha meirande implicación do Departamento de Orientación. O obxectivo é informar aos alumnos/as sobre as características da Formación Profesional , os Bacharelatos, os plans de estudo, lugares de estudo, saídas laborais, sistemas de acceso á Universidade, etc.
- Nestas sesións farase, asemade, un traballo de autoconhecimento dos propios alumnos/as e, tamén, prácticas sobre un método racional de toma de decisións, para que a elección dos distintos vieiros académicos nestes intres da vida escolar dos alumnos/as se faga do xeito máis sensato.

***4º.- Metodoloxía de estudo e da preparación e realización de exames.-***

As sesións dedicadas ao desenvolvemento dos temas de este apartado centraranse na práctica da lectura comprensiva, na busca e xerarquización de ideas nun texto, na elaboración de esquemas, resumos e mapas conceptuais, na descrición das características físicas dos lugares de estudo, na organización do tempo de estudo, no uso racional das técnicas de memorización e, finalmente, no desenvolvemento de metodoloxías eficaces de preparación e realización de exames. *Este tema será desenvolvido con especial atención no primeiro e segundo curso de E.S.O.,* durante as sesións de titorías do mes de novembro e decembro.

***5º Promoción de actitudes de tolerancia e respecto e mellora das condicións de convivencia no ámbito escolar.-***

Preténdese nestas sesións, fomentar a reflexión sobre os comportamentos intolerantes e /ou agresivos e falta de respecto cara os compañeiros/as, profesores/as e, tamén diante da desorde, suciedade e mesmo dos estragos dos bens materiais que, con tanta frecuencia, estanse a producir nos últimos tempos. O obxectivo é acadar,

deste xeito, unha mellora nas relacións entre alumnos/as, profesores/as e persoal non docente. Este tema será desenvolvido con meirande intensidade no primeiro e segundo curso de ESO, durante as sesións de tutoría do mes de novembro e do segundo trimestre, e inclúe a reflexión sobre a transcendencia na formación integral do alumno/a como poden ser a promoción da autoestima, o control emocional ou desenvolvemento de habilidades sociais, entre outros.

#### ***6º.- Educación para a saúde e afectiva-sexual.-***

Nestas sesións trataranse temas relacionados coa saúde dos adolescentes e a educación afectivo-sexual: tabaquismo, alcoholismo, drogadicción, educación sexual, diversidade afectiva, prevención SIDA e enfermidades de transmisión sexual, alteracións de conduta alimentaria (anorexia e bulimia), etc. Os titores/as que o desexen poderán acollerse aos programas para a saúde que ABAGAL (asociación de trastornos alimentarios), FORZAS E SEGURIDADE DO ESTADO (Plan Director de Convivencia), CRUZ VERMELLA, ARELAS...

#### ***7º.- Educación para a igualdade.-***

Preténdese nestas sesións a reflexión sobre a educación en valores, especialmente a aqueles que abranguen os chamados contidos transversais como poden ser os temas sobre muller e igualdade, xenofobia e racismo, educación para a paz, etc...

#### **3.3.- O control de asistencia dos alumnos/as.-**

O absentismo escolar é un problema que se presenta en poucas ocasións no noso centro. A importancia do traballo do titor/a para cortar estes comportamentos cando aparecen é evidente. O Centro por iso, organiza un sistema de control da asistencia que seguirá os seguintes pasos: (aqui é importante ter en conta o PROTOCOLO EDUCATIVO PARA A PREVENCIÓN E O CONTROL DO ABSENTISMO ESCOLAR EN GALICIA)

#### **3.4.- O titor/a e a disciplina.**

É misión do titor/a promocionar no seu grupo a convivencia entre os distintos estamentos da comunidade educativa e o respecto ás normas de comportamento dentro e fóra da aula. Para elo deberá realizar as seguintes tarefas:

- Fará públicas as normas de convivencia razoando o fundamento das normativas con regras inevitables para unha normal marcha das actividades académicas, reforzando os comportamentos positivos neste campo e amoestando, individualmente ou en grupo, aos alumnos/as que se comporten de xeito irresponsable, irrespectuoso ou intolerante.
- Cando se produzan no grupo de xeito reiterado e xeneralizado malos comportamentos, o titor/a poderá tomar a iniciativa de convocar ao profesorado do grupo para consensuar criterios de actuacións comúns ou medidas para tratar de corrixir o comportamento.
- Levará un control por escrito das distintas expulsións, amoestacións ou outro tipo de incidencias co fin de dispor de datos concretos do comportamento inadecuado do alumno/a no caso de presentarse a



necesidade de toma de medidas disciplinarias pola Xefatura de Estudos, a Dirección

- O titor/a levará un rexistro das expulsións, anotacións, sancións, etc., coas datas e comportamentos amoestados. Na Xefatura de Estudos quedarán rexistradas informáticamente, para a súa consulta, todas as faltas de comportamento dos alumnos e alumnas e das medidas correctoras adoptadas. Tamén quedarán arquivadas as copias das sancións comunicadas por escrito.

### **3.5.- O rendemento académico.-**

Unha das funcións máis importantes do titor/a é vixiar a evolución do rendemento académico. Con esta finalidade debe tomar todas as iniciativas que considere necesarias . Concretamos agora algunha:

- O titor/a deberá vixiar de xeito especial o alumnado que se atope nunha destas dúas circunstancias:
  - Alumnos/as con antecedentes no curso anterior de problemas de absentismo, disciplinarios ou de moi baixo rendemento, tentando de evitar a súa repetición con intervencións rápidas cando estes problemas semellen repetirse.
  - Aqueles alumnos/as que amosan un claro e rápido empeoramento con respecto a cursos anteriores, e mesmo avaliacións anteriores, tentando identificar a causa deste baixón no rendemento e na procura da súa solución.
- O titor/a poderá controlar, nos casos que considere oportuno, o traballo na casa por medio da axenda que todos os alumnos/as de Secundaria teñen, e poderá, nesta axenda, escribir mensaxes aos pais e nais (1º e 2º de E.S.O.).
- O titor/a deberá levar informes dos alumnos/as máis problemáticos ás sesións de avaliación coa finalidade de buscar actuacións que melloren o seu rendemento .
- O titor/a comunicará ao Departamento de Orientación os casos onde aprecie que o alumno/a sofre circunstancias persoais graves que inciden negativamente no rendemento académico como poden ser situacións de dificultades económicas, abandono familiar, desarraigo, enfermidades, etc; preténdese mellorar tales circunstancias ou incluír estes alumnos/as no programa de Servizos Sociais do Concello.
- O titor/a poderá presentar propostas ao grupo de profesores/as para mellorar o rendemento académico a nivel de grupo.

## **4.- A RELACIÓN DO TITOR/A COAS FAMILIAS.-**

Indicamos agora as pautas de actuación dos titores/as coas familias:

### **4.1.- Presentación ás familias.**

### **4.2.- Reunións coas familias do grupo.-**

*A finais do primeiro mes de curso*, os titores/as de Secundaria terán unha reunión cos pais/nais dos alumnos/as do seu grupo coa finalidade de introducilos no funcionamento xeral do Instituto, e onde se dará a información que indicamos máis adiante. Cómpre que o titor/a evite nestas reunións entrar nunha dinámica estéril de queixas xerais sobre o funcionamento do Centro, de reproches en relación a conflitos acontecidos en anos anteriores, ou mesmo en discusións de casos individuais. Neste caso o titor/a de lembrar aos pais/nais o que segue:

- Que deben presentar os problemas no intre en que aparezan, e non cando xa non teñen solución e diante dun titor/a que ignora moitos dos acontecementos citados.
- Que para tratar os problemas individuais están as horas de tutoría .
- Que existen outros vieiros máis axeitados que esta reunión para presentar propostas ou queixas sobre a actividade docente no noso Centro. Deberán presentar á Dirección do Centro ben directamente ou ben a través dos representantes dos pais/nais no Consello Escolar.

En todo caso, os titores/as novos no Centro que desexen asesoramento, apoio ou mesmo a presenza de persoas con máis coñecemento do Instituto nestas reunións, poden solicitalo a calquera membro da Xunta Directiva ou do Departamento de Orientación.

Os contidos a desenvolver nestas reunións deberán ser, entre outros que o titor/a considere, os que seguen:

- Comentar nos demais cursos os criterios de promoción e os de obtención do Título de Graduado en Secundaria.
- Insistir na importancia da organización do tempo de estudio na casa, a necesidade da elaboración de planos de traballo semanais e as condicións ideais para o estudio: silencio, orde, períodos de descanso, luz, etc.
- Informar sobre a atención ás familias nas horas de tutoría semanais e sistema de cita previa.
- Informar sobre os sistemas de control de asistencia , en especial sobre o sistema de xustificación e sobre os mecanismos de sancións por absentismo . Cómpre que os pais e nais saiban que deben recibir as comunicacións de faltas por correo, pero que sempre que o consideren conveniente poden acudir á Xefatura de Estudos, chamar por teléfono ao centro e/ou XADE móbil para coñecer as faltas de asistencia dos seus fillos/as.
- Informar que o Departamento de orientación e a orientadora está para axudar e asesorar aos pais/nais e aos alumnos/as nos intres en que sexa necesario. A atención farase con previa cita e, preferentemente, pola mañá.
- Informar de que os pais/nais poden recorrer á Xefatura de Estudos para informarse das incidencias e dos problemas relevantes. Tamén que a Xefatura de Estudos pode chamar aos pais/nais en situacións semellantes.
- Informar sobre o sistema de notas a través dun boletín de cualificacións que se lle entregará a cada alumno/a e que deberán devolver asinado polos pais/nais . Cómpre comentar a estrutura do boletín de notas e os diferentes aspectos que nel se valoran.
- Informar sobre as características do grupo.

#### ***4.3.- As reunións coas familias individualmente ao longo do curso.-***

Os titores/as de E.S.O. teñen asignado unha hora semanal para a atención ás familias. O sistema de funcionamento tanto da petición de cita como de preparación das reunións é o que indicamos:

- Os pais/nais deberán solicitar a cita en conserxería, ben persoalmente ou por teléfono ou ben por medio dos alumnos/as ou ABALAR móbil.
- Os titores/as recollerán información dos profesores/as antes de recibir aos pais/nais ben persoalmente

ou por medio do formulario existente que deixarán con suficiente antelación no casillero do profesor/a requirido. Os profesores /as devolverán o formulario de petición de información cuberto no casillero do titor/a.

- O contido das entrevistas deberá ser anotado e arquivado; para elo, os titores/as poderán usar o formulario elaborado con esta finalidade .
- Nos casos de alumnos/as con problemas escolares e nos que os pais/nais non tomen a iniciativa de solicitar cita cos titores/as, estes poderán convocalos.
- Os titores/as deberán concertar citas entre os pais/nais e os distintos profesores/as cando as familias o demanden.

#### ***4.4.- Outros sistemas de comunicación coas familias.-***

Cando falle a comunicación polos sistemas devanditos, os titores/as poderán recorrer a outros sistemas de comunicación: o caderno do alumno/a, chamadas telefónicas, correo electrónico, cartas certificadas con acuse de recibo,...

### **5.- COORDINACIÓN POLO TITOR/A DA ACTIVIDADE DOCENTE E DAS AVALIACIÓNS.-**

#### ***5.1.- Coordinación da actividade docente.-***

As tarefas máis importantes do titor/a con relación á coordinación da actividade docente son:

- Ó inicio do curso o titor/a recibirá as copias dos informes de avaliación final do curso anterior para que os examine e traslade aos profesores/as do grupo os aspectos máis salientables (como as materias con avaliación negativa con que promocionou). Tamén poderá recadar outra información relevante do Departamento de Orientación.
- Coordinación das datas de exames: ao comezo de cada avaliación o titor/a recollerá as datas aproximadas dos exames de cada profesor/a e coidará de que o delegado/a , de acordo do a clase, elabore un calendario de exames que quedará exposto no taboleiro da aula e que non pode modificarse sen a súa autorización .
- Nas sesións de tutoría cos alumnos/as o titor/a controlará se os alumnos/as coñecen os criterios de avaliación e os contidos mínimos de cada materia para abordar con eficacia a preparación dos exames.
- O/a titor/a poderá convocar aos profesores/as do grupo cando o estime oportuno. Ás veces, para tomar decisións puntuais e urxentes, pode reunirse nun recreo. Para facer a convocatoria basta con que o titor/a deixe unha nota no casilleiro de cada profesor/a do grupo.

#### ***5.2.- Avaliacións.-***

O titor/a é o responsable do desenvolvemento das sesións de avaliación que regulamentariamente se realizan tres veces ao longo do curso. As tarefas dos titores/as serán:

##### **1º Preparación da avaliación.-**

- Recollida da opinión dos alumnos/as sobre a marcha escolar: o titor/a recollerá as ideas con relación aos resultados académicos, á convivencia e plan de traballo. Para elo, cumprimentará dúas enquisas (caderno de traballo da tutoría), unha de autoavaliación do alumnado que se cumprimentará individualmente e será

asinada e outra sobre o funcionamento do grupo que será individual e anónima. Esta información servirá para un debate en gran grupo e unha recollida máis cabal da información.

- Elaboración do informe do titor/a para a Xunta de Avaliación: o titor/a, coa información de que dispón confeccionará un informe sobre a marcha do grupo. Tentará de reflectir só cuestións que afecten ao profesorado como equipo docente. Os problemas particulares, se xorden serán tratados fóra da sesión do xeito que se considere máis conveniente. Este informe será recollido na acta da sesión de avaliación .

- Elaboración de informes individuais de alumnos/as .

Estes documentos serven para que o titor/a leve un seguimento por escrito dos alumnos/as que presenten algún problema que quere tratar especificamente na sesión de avaliación. Entregaranse ao Xefe de Estudos xunto coa acta de avaliación para ser incluídos no expediente do alumno/a.

- Recollida dos resultados e estatísticas da avaliación que serán entregadas ao titor/a polo Xefe de Estudos para facer logo fotocopias que serán repartidas entre o profesorado do grupo nos intres previos á avaliación. Deste xeito evítase a perda de tempo que supón dar os resultados dos alumnos/as que polas súas circunstancias non requiran un tratamento pormenorizado na avaliación.

- Enchemento da parte da acta previa á sesión de avaliación. Nestes apartados recolleranse as estatísticas dos resultados, e a opinión dos alumnos/as sobre os resultados académicos e a convivencia entre eles. Ademais recolleranse os nomes dos alumnos/as con problemas de puntualidade e asistencia e os daqueles que polas súas circunstancias académicas aconsellen unha análise individual na sesión de avaliación.

## **2º.- Desenvolvemento da avaliación.-**

O titor/a preside a sesión de avaliación e, polo tanto, determina o seu desenvolvemento. Sen embargo, aconséllase seguir o seguinte procedemento:

- Informe xeral do grupo en relación aos resultados académicos e problemas de convivencia.
- Estatísticas e resultados das enquisas.
- Información particular de alumnos/as con problemas de absentismo ou puntualidade.
- Análise particular de alumnos/as con problemática escolar seria.
- Intervencións cara a seguinte avaliación.
- Cumplimentación completa da acta de avaliación nos apartados correspondentes. Este acta será entregada á Xefatura de Estudos .

Na sesión de Avaliación Final o/a titor/a coidará de que se aplique correctamente os criterios de promoción e titulación. Elaborará os informes de avaliación individualizados no que se consignarán os datos máis relevantes da avaliación e a decisión sobre promoción ou titulación. Entregaraos despois da avaliación final nas oficinas. Tamén elaborará o CONSELLO ORIENTADOR que entregará co boletín de notas, en colaboración co Departamento de Orientación.

## **3º.- Traballo posterior a avaliación.-**

- Análise cos alumnos/as, na correspondente sesión de titoría dos resultados da avaliación coa comunicación dos puntos de vista dos profesores/as e das actuacións que se levarán a cabo na seguinte

avaliación.

- Comunicación individual aos alumnos/as das decisións tomadas na xunta de avaliación.
- Entrega dos boletíns de notas. O titor/a asinará os boletíns que o alumno/a deberá devolver no intre que o titor/a indique. O titor/a valorará os casos que considere conveniente que sexan os pais/nais os que devolvan persoalmente os boletíns.

## 6.- ACTUACIÓNS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN NA ACCIÓN TITORIAL

Obxectivos	Actuacións	Formas de intervención	Temporalización
- Establecer os criterios e procedementos para a organización e funcionamento das titorías, concretar as liñas de actuación que os titores desenvolverán co alumnado de cada grupo, co equipo educativo e coas familias.	- Elaboración/revisión da proposta do P.A.T.  - Delimitación das actividades comúns e específicas para cada nivel e etapa (programación titorial).	- Reunións iniciais na CCP e de titores/as para a elaboración da proposta do PAT para o curso que se inicia.	- Inicio de curso
- Posibilitar a coordinación entre os titores/as dun mesmo nivel e etapas.	- Reunións para establecer a coordinación, secuencia e continuidade das intervencións a realizar nos distintos niveis e etapas. - Reunións mensuais cos titores e titoras do mesmo nivel para planificar, coordinar e avaliar as actuacións conxuntas.	- Reunións do D.O. cos titores/as do mesmo nivel.	- Durante todo o curso.
- Contribuír ao deseño e desenvolvemento da programación de titoría	- Asesoramento aos titores/as sobre as responsabilidades e tarefas anexas á función titorial e na elaboración da programación destinada ao seu grupo de titoría. - Elaboración do caderno de titoría e do caderno do titor/a, se estima oportuno.  - Recompilación e elaboración de materiais para ser traballados nas sesións de titoría . - Desenvolvemento da programación titorial na aula. - Colaboración da orientadora nas sesións de titoría. - Participación do D. O. nas actividades e reunións dirixidas ás familias. - Asesoramento e atención a alumnos/as e pais/nais. - Información ao titor/a dos distintos organismos e institucións que poidan colaborar no desenvolvemento de determinadas sesións de titoría.	- Reunións de coordinación de titorías. - Elaboración /recompilación de información e materiais por parte do D.O. - Intervención se se solicita polo titor/a na hora lectiva de titoría. - Participar na reunión cos pais, xunto cos titores/as e Equipo Directivo. - Entrevistas individuais : titores/as, Xefe de Estudos, Xefes de Departamentos Didácticos e actividades extraordinarias e complementarias.	- 1º, 2º e 3º trim. - Todo o curso.  - Todo o curso.  - Inicio de curso. Ao solicitarse.  - Ao solicitarse.
- Contribuír ao seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe por parte da Xunta de	- Formulación de propostas da CCP. - Sistematización da programación e dos elementos comúns a traballar en tódalas áreas do mesmo grupo (Obxectivos,	- Reunións da CCP para a elaboración do PC de área e Programacións Didácticas. - Reunións coa Xunta de Profesores.	- Trimestralmente.  - 1º, 2º e 3º trim.

profesores dun mesmo grupo para asegurar a coherencia da súa práctica educativa	contidos, acordos metodolóxicos, instrumentos e criterios de avaliación, temas transversais, medidas de atención á diversidade,...) - Participación do DO nas Xuntas de Avaliación. - Seguimento do alumnado e organización dos apoios xunto co Xefe de Estudos.	- Reunións con Xuntas de Avaliación.	- En tódalas sesións de Avaliación.
- Proporcionar a titores e profesorado técnicas e estratexias para facilitar a realización de actividades e a relación co alumnado, a coordinación do profesorado e a intervención cos pais e nais.	- Asesoramento aos titores/as en técnicas de dinámica de grupos, relacións interpersoais e habilidades sociais, técnicas de observación e entrevista.	- Reunión de coordinación de titores e titoras do mesmo nivel.	- Durante todo o curso.
- Canalizar as demandas dos titores/as a outras estancias do Centro (Equipo Directivo, Departamento de Actividades, Departamentos Didácticos) e estudar como estas as posibilidades e formas para atendela.	- Recollida das demandas dos titores/as. - Proposta do DO ás instancias decisorias e estudo conxunto das formas de intervención posibles.	- Reunión cos implicados.	Ao producirse a demanda.
- Avaliar o funcionamento do Plan, as programacións de tutoría e a intervención do DO.	- Determinación de procedementos e selección, elaboración de instrumentos para a avaliación. - Elaboración da memoria sobre o funcionamento do PAT.	- Reunión de coordinación de tutorías. - Reunións do DO. - Redacción da Memoria.	- Durante todo o curso. - A final de curso.

# **PROGRAMACIÓN-**

## **ANEXO I**

# 1ºESO:1º TRIMESTRE

PROGRAMA	OBXECTIVOS	ACTIVIDADE
<b>SETEMBRO-OUTUBRO</b>		
<b>Actividades de acollida</b>	Coñecer ó alumnado e presentar as actividades de tutoría . recoller as suxerencias das mesmas	<b>Unha nova etapa</b>
<b>Actividades de acollida</b>	Compartir e coñecer datos persoais cos demais nenos/as	<b>O ten nome é....</b>
<b>16 DE OUTUBRO</b>	DÍA INTERNACIONAL DA ALIMENTACIÓN	<b>Exposición de receitas da nosa localidade</b>
<b>Organización do grupo</b>	Revisar o perfil e as funcións que debe de cumprir un delegado de grupo. Elixir ó delegado do grupo.	<b>Elixir ós nosos representantes</b>
<b>NOVEMBRO</b>	Conseguir que a adaptación ao IES sexa rápida e positiva a través da cohesión grupal	<b>TALLER: Cohesión grupal</b>
<b>Organización do grupo</b>	Establecer normas para o funcionamento interno do grupo	<b>Responsables</b>
<b>Técnicas de traballo intelectual</b>	Revisar como se realiza actualmente o estudio para detectar posibles erros e planificar adecuadamente o mesmo.	<b>Como estudas?</b>
<b>Coordinación coas familias</b>	Dar a coñecer as características do curso ós pais/nais	<b>Primeiro encontro con pais e nais.</b>
<b>Técnicas de traballo intelectual.</b>	Mellorar a velocidade lectora e a comprensión	<b>Melloramos a nosa lectura I</b>
<b>25 de novembro</b>	DÍA INTERNACIONAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO	<b>Talleres sobre o tema</b>
<b>DECEMBRO</b>		
<b>3 DE DECEMBRO : DÍA INTERNACIONAL DAS PERSOAS CON MINUSVALÍA</b>		
<b>Compartir experiencias con persoas con diversidade funcional</b>		
<b>Autoavaliación</b>	<b>Preparar a sesión de avaliación e reflexionar sobre as dificultades atopadas</b>	<b>Revisamos o noso traballo</b>
<b>Coordinación coas familias</b>	<b>Informar e orientar ós pais/nais sobre o proceso de aprendizaxe</b>	<b>Entrega de notas</b>



## 2º trimestre

PROGRAMA	OBXECTIVOS	ACTIVIDADE
<b>XANEIRO</b>		
<b>Autoavaliación</b>	Comunicar as opinións e decisións do equipo educativo. Preparar un plan de estudio	<b>O/A delegado informa.</b>
<b>Técnicas de traballo intelectual</b>	Exercitar a técnica do subraiado e do esquema	<b>Buscar ideas nun texto</b>
<b>30 DE XANEIRO: DÍA ESCOLAR DA NON VIOLENCIA E DA PAZ</b> Concurso de lemas		
<b>FEBREIRO</b>	Coñecer as diferentes culturas que hai dentro do grupo para entender, respectar e aceptar as diferencias culturais	<b>TALLER: Coñece a nosa cultura</b>
<b>Resolvendo conflitos</b>	Coñecer as razóns que nos levan ós conflitos	<b>Obradoiro de resolución de conflitos</b>
<b>Resolución de conflitos</b>	Elaborar estratexias para evitar que se produzan conflitos	<b>Obradoiro de resolución de conflitos</b>
<b>Organización do grupo</b>	Revisar a marcha do grupo e tratar algún tema de interese para os alumnos	<b>Como vai o grupo?</b>
<b>Organización do grupo</b>	Estudar como se organizou o grupo ante un problema en concreto	<b>Dinámicas de grupo</b>
<b>MARZO</b>		
<b>Coñece a nosa cultura</b>	Coñecer as diferentes culturas que hai dentro do grupo de clase	<b>Obradoiro de traballo en grupo-clase</b>
<b>8 DE MARZO: DÍA INTERNACIONAL DA MULLER</b> Recoller información sobre situacións de discriminación por razón de sexo.		
